

Neste boletín encontrarás bolsas que se convocan ao longo do ano. Algunhas delas están fora de prazo. Mantémolas xa que se volverán a convocar en datas similares do ano seguinte.

## BOLSAS DA XUNTA DE GALICIA

**SETEMBRO 2016**

---



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Axudas para a realización de estudos universitarios en Galicia**

A Consellería de Educación convoca axudas destinadas a financiar os gastos da matrícula universitaria dos alumnado que inicie estudos universitarios no curso 2016/17 no Sistema universitario de Galicia conducentes á obtención dun título oficial de grao.

Importes das axudas:

A dotación asignada a cada beneficiario/a será a do importe total da matrícula, incluídas as taxas de apertura de expediente e a expedición e mantemento de tarxeta de identidade, que será dun máximo de 862,90 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura e dun máximo de 618,10 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas

Requisitos académicos

Acreditar unha cualificación nas probas de acceso á universidade (PAU) ou noutras ensinanzas que lle permita o acceso cunha nota media igual ou superior a 5 puntos e inferior a 5,5 puntos, excluindo a fase específica.

Estar matriculado por primeira vez en primeiro curso nunha universidade do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2016/17 dun mínimo de 60 créditos en ensinanzas conducentes á obtención dun título oficial de grao.

Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os cales solicita a axuda.

Requisitos de carácter económico:

Que a renda da unidade familiar non supere os seguintes limiares:

- Familias de 1 membro: 14.112,00 euros.
- Familias de 2 membros: 24.089,00 euros.
- Familias de 3 membros: 32.697,00 euros.
- Familias de 4 membros: 38.831,00 euros.
- Familias de 5 membros: 43.402,00 euros.
- Familias de 6 membros: 46.853,00 euros.
- Familias de 7 membros: 50.267,00 euros.
- Familias de 8 membros: 53.665,00 euros.

A partir do oitavo membro engadiranse 3.391,00 euros por cada novo membro computable da familia.

O prazo para solicitar estas axudas estará aberto ata o 4 de outubro de 2016. As solicitudes poden tramitarse en <http://sede.xunta.es> co procedemento ED441C

Máis información no DOG do 4 de outubro de 2016 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Axudas para máster universitario en Galicia**

A Consellería de Educación convoca axudas para a matrícula nun máster universitario oficial, destinadas a titulados/as universitarios/as en situación de desemprego, para o curso 2016/17.

#### **Requisitos:**

- a) Estar en posesión dun título universitario, expedido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, que lle dea acceso aos estudos de máster universitario.
- b) Estar matriculado/a no curso 2015/16 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia, dun mínimo de 60 créditos.
- c) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia como mínimo nos tres últimos anos anteriores á data da publicación desta convocatoria.
- d) Estar inscrito/a como demandante de emprego, como mínimo, durante un período de 180 días no ano inmediatamente anterior contado de data a data desde a data de presentación da solicitude.

#### **Contía da axuda:**

A contía da bolsa cubrirá o importe correspondente a 60 créditos de primeira matrícula do máster universitario.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o 16 de outubro de 2016. As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED421A

Máis información no DOG do 15 de setembro de 2016 e en [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es>

---

**AGOSTO 2016**

---



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

### **Bolsas de colaboración na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva**

A Secretaría Xeral para o Deporte convoca bolsas destinadas a estudantes para a súa participación como persoal colaborador na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

O número de prazas convocadas é de 5, precísanse polo menos 2 prazas ocupadas polo mesmo sexo (feminino ou masculino) e as 3 restantes ocupadas por solicitantes do sexo contrario ás anteriores, co obxectivo de ter unha

representación con paridade para poder garantir unha correcta atención ao colectivo de deportistas do centro.

Requisitos:

- a) Ter entre 19 e 30 anos feitos no momento en que se publica a convocatoria.
- b) Estar empadroado en Galicia no momento de presentar a solicitude.
- c) Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, ou un ciclo formativo de grao superior.
- d) Non estar propostos para unha bolsa de deportista no CGTD nin ser beneficiario da citada bolsa como deportista no momento da solicitude.

O prazo para presentación de solicitudes estará aberto ata o 26 de setembro de 2016.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es>

Máis información no DOG do 26 de agosto de 2016 e en <https://deporte.xunta.es>

---

## XULLO 2016

---



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Bolsas para universitarios/as que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2016/17**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca 140 bolsas destinadas ao alumnado universitario matriculado nunha universidade do Sistema universitario de Galicia ou nun centro asociado da UNED en Galicia que participe no curso 2016/17 en programas de intercambio con países extracomunitarios, agás o programa «Erasmus+», relacionados cos estudos que está a cursar.

O programa de mobilidade para o que se solicita a bolsa será realizado durante o curso académico 2016/17.

A dotación económica asignada a cada beneficiario/a será dun máximo de 1.500 euros.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED441B

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **26 de agosto de 2016**

Máis información no DOG do 26 de xullo de 2016 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Premios fin de carreira**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para aos/ás alumnos/as que, contando co mellor expediente académico de entre as persoas solicitantes, rematasen os estudos universitarios conducentes á obtención dos títulos de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico

ou arquitecto técnico, no curso académico 2014/15 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.  
entenderase por curso académico o período comprendido entre o 1 de setembro de 2014 e o 30 de setembro de 2015.

Os solicitantes que resulten premiados recibirán:  
Unha contribución en metálico de 2.500 €.  
Un diploma acreditativo desta distinción

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Teren cursado integramente os estudos da titulación universitaria pola que opta ao premio nas universidades do Sistema universitario de Galicia.
- b) Teren unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 8,50 puntos, para os/as alumnos/as das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 7,50 puntos, para os/as alumnos/as da rama de Enxeñaría e Arquitectura.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED415A  
O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 22 de agosto de 2016.  
Máis información no DOG do 22 de xullo de 2016 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net

### **Prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís**

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca prazas para persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de TPolítica Social para o curso académico 2016/2017.

#### *Prazas:*

Lugo. Centro Residencial Xuvenil LUG: 4 prazas.

Ourense. Florentino L. Cuevillas: 5 prazas.

Vigo. Altamar: 6 prazas.

#### *Requisitos:*

Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.

Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data do 31 de decembro do ano en curso.

Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior, que admitan polo seu contido e saídas profesionais, a formación e a práctica a través de calquera das tarefas que se poden desenvolver nunha residencia xuvenil.

Ter unha renda media familiar que non supere o 150 % do IPREM\* do ano en curso.

Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador/a por causa imputable á persoa solicitante.

Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 13 de agosto de 2016.  
As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS303C

Máis información no DOG do 13 de xullo de 2016.

*Residencias:*

Lugo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>

Ourense:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

\* O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, IPREM é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, bolsas, subvencións ou o subsidio de desemprego.

Para 2016 fixouse en 532,51 € mensuais.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Colaboradores bolsiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo**

A Consellería de Educación convoca 30 prazas de colaboradores/as bolsiros/as para o curso 2016/2017, nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo:

CRD da Coruña: 18 prazas.

CRD de Ourense: 6 prazas.

CRD de Vigo: 6 prazas.

Requisitos:

- Dezaioito anos cumpridos, ou acadar esta idade dentro do ano natural 2016.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia.
- A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanzas universitarias de grao, máster oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2016/17.

Considéranse estudantes en réxime de dedicación académica a tempo completo os matriculados no número de créditos indicado a seguir:

- Estudos de grao: 60 créditos.
- Estudos de primeiro e segundo ciclo: o número de créditos que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos (agás os de libre elección) entre o número de anos que o compoñan.

Estes solicitantes terán preferencia na adxudicación de prazas.

Non obstante, os solicitantes en situación de matrícula parcial poderán obter praza cando estean matriculados no número mínimo indicado a seguir:

- Estudos de grao: entre 30 e 59 créditos.
- Estudos de primeiro e segundo ciclo: o 50% do créditos indicados.

## Incompatibilidades

1. As persoas beneficiarias de praza de colaborador bolseiro non poderán realizar, mentres gocen desta, ningún tipo de traballo remunerado.
2. Así mesmo, será incompatible con estar en posesión ou reunir os requisitos necesarios para obter un título académico de nivel igual ou superior ao dos estudos que pretende realizar.
3. A condición de beneficiario será compatible coa obtención de axudas na convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia.

As bolsas podense solicitar en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED308A. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **5 de agosto de 2016**. Máis información no DOG do 13 de xullo de 2016 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR

## **Bolsas de formación para titulados/as en ciclos formativos de acuicultura**

A Consellería do Mar convoca bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os/as titulados/as nos ciclos formativos de acuicultura; e 4 bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para a realización de prácticas de produción de cría de bivalvos

### Requisitos:

titulado como técnico medio en Operacións de Cultivo Acuícolas/técnico medio en Cultivos Acuícolas e/ou técnico superior en Producción Acuícola/técnico superior en Acuicultura.

O prazo para presentar solicitudes estrá aberto ata o 1 de agosto de 2016

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PE601C. Máis información no DOG do 1 de xullo de 2016 e en <https://mar.xunta.gal/>

**XUÑO 2016**



## **Bolsas no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades**

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convoca 9 bolsas de formación nos proxectos concretos de investigación que se están a desenvolver no Centro.

### **Bolsas:**

**Unha bolsa de formación no proxecto Bibliografía da literatura galega:** título de licenciatura en Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa ou grao en Lingua e Literatura Galegas (con Maior Plus de Lingua e Literatura Galegas); en Estudos de Galego e Español; en Galego e Portugués; estudos lingüísticos e literarios (con Maior Plus, Minor ou Maior en Literatura Galega)

**Unha bolsa de formación no proxecto Fraseoloxía galega:** Licenciatura ou grao en Tradución e Interpretación ou en Filoloxía Galega. Coñecemento de inglés equivalente ao nivel B2.

**Unha bolsa de formación no proxecto Corpus de referencia do galego actual:** licenciado/a en Filoloxía Galega, Románica, Hispánica, Portuguesa ou Tradución e Interpretación, ou ben graduado/a en Lingua e Literatura Galegas; en Lingua e Literatura Españolas; en Lingua e Literatura Modernas; en Galego e Portugués; estudos lingüísticos e literarios en español

**Unha bolsa de formación no proxecto Cantigas de Santa María:** licenciado/a ou graduado/a en calquera Filoloxía Románica ou Clásica

**Unha bolsa de formación no proxecto Prosa literaria medieval:** licenciado/a ou graduado/a en calquera titulación da área de humanidades, sempre e cando acredite formación específica en estudos medievais.

**Unha bolsa de formación no proxecto Terminoloxía científico-técnica:** licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía ou Tradución e Interpretación ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación dependendo da universidade de procedencia.

Posuír coñecemento de inglés ou de francés equivalente ao nivel B1.

**Unha bolsa de formación no proxecto Recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala:** licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, ou en Enxeñaría de Telecomunicacións ou en Física ou en Informática ou en Matemáticas.

**Unha bolsa de formación no proxecto Base de datos do ALIR:** licenciado/a ou graduado/a en Filoloxía Galega, Filoloxía Románica, Filoloxía Francesa ou Filoloxía Italiana.

**Unha bolsa de formación no proxecto Dicionarios de literatura:** licenciado/a ou graduado/a en Teoría da Literatura ou en calquera filoloxía

Requisitos:

Estar en posesión do título universitario de licenciado ou licenciada ou de grao exixido no proxecto para o cal presente a solicitude.

Ter rematado os estudos conducentes a el no curso académico 2008-2009 ou posterior.

Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, agás os/as que acrediten estar en posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galega.

Non resultar beneficiario/a dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 7 puntos, A data estimada de comezo é o 1 de setembro de 2016 e rematarán, en calquera caso, o 31 de agosto de 2018

As solicitudes estarán dispoñibles en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED109A e na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [www.cirp.es](http://www.cirp.es).

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o **22 de xullo de 2016**

Máis información no DOG do 22 de xuño de 2016 e en [www.cirp.es](http://www.cirp.es)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## **Prazas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo**

A Consellería de Educación convoca prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso académico 2016/17.

### Requisitos:

Alumnado que no curso académico 2016/17 inicie ou continúe estudos postobrigatorios non universitarios en centros docentes públicos ou privados concertados, situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo. A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha modalidade concreta dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:

- a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.
- b) Tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.

Excepcionalmente, poderán ser eximidos deste requisito os solicitantes nos cales concorran circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas e acreditadas.

### Requisito de renda da unidade familiar:

A praza de residencia será gratuíta: Cando a renda da unidade familiar da persoa adxudicataria sexa igual ou inferior ao limiar 2\* fixado polo Ministerio de Educación para o curso 2015/16 (Boletín Oficial del Estado núm. 159, do 4 de xullo).

Cando a renda da unidade familiar sexa superior ao limiar 2\*, a persoa adxudicataria deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

- a) Ata un 10 %: 538 €.
- b) Máis do 10 % e ata un 20 %: 825 €.
- c) Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.307 €.
- d) Máis do 30 %: 1.968 €.

### Prazos:

- a) Para os solicitantes matriculados en Bacharelato ata o 15 de xullo de 2016.
  - b) Para os solicitantes matriculados en ciclos formativos ata o 8 de agosto de 2016
- Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es> co procedemento ED306A

Máis información no DOG do 8 de xuño de 2016 e nos CRD:

<http://centros.edu.xunta.es/credocoruna/>

<http://centros.edu.xunta.es/credovigo/>

<http://centros.edu.xunta.es/credodeourense/>

\*O limiar 2 de renda familiar para o curso 2015-2016:

Familias dun membro: 13.236

Familias de dous membros: 22.594

Familias de tres membros: 30.668

Familias de catro membros: 36.421



Familias de cinco membros: 40.708  
Familias de seis membros: 43.945  
Familias de sete membros: 47.146  
Familias de oito membros: 50.333



### **Bolsas formativas no IGAPE**

O Instituto Galego de Promoción Económica convoca 100 bolsas formativas para licenciados/as universitarios/as

*Requisitos:*

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións universitarias: Física, Enxeñaría, Matemáticas, Química, Administración e Dirección de Empresas, Economía, Dereito, Bioloxía/Biotecnoloxía e Farmacia.

Non ter desempeñado con anterioridade ningún traballo profesional para o que se requirise a mesma titulación exixida nesta convocatoria, en virtude de calquera tipo de contrato laboral de duración igual ou superior a seis meses, o cal se acreditará mediante informe de vida laboral da Seguridade Social.

A duración inicial da bolsa establécese nun máximo de 12 meses.

A contía das bolsas é de 10.800 € anuais.

Durante a execución do programa de bolsas, o Igape organizará un curso de formación teórica destinado aos bolseiros seleccionados.

Este curso terá a consideración de non computable no período da bolsa, será gratuíto e non remunerado e será obrigatorio para participar nas prácticas formativas.

As solicitudes están dispoñibles en <http://www.tramita.igape.es>

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o día 16 de xullo de 2016

Máis información no DOG do 16 de xuño de 2016 e en <http://www.igape.es>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR

### **Bolsas para formación de persoal en temas de investigación mariña**

A Consellería do Mar convoca 8 bolsas para formación de persoal en temas de investigación mariña.

*Requisitos:*

Estar en posesión do título de técnico superior dos ciclos formativos de grao superior nalgunha das especialidades convocadas e obtelo con posterioridade ao 31 de decembro de 2012.

As bolsas terán unha duración de dous anos a partir da data de incorporación que se estableza na resolución de concesión.

O importe bruto mensual de cada bolsa será de oitocentos euros (800 €).

As bolsas realizaranse no Centro de Investigacións Mariñas (Cima), que está integrado polo Centro de Investigacións Mariñas de Corón-Vilanova de Arousa e o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo:

*Actividades Marítimo-Pesqueiras/Producción Acuícola.* Corón: 2 bolsas. Ribadeo: 2 bolsas

*Química/Análise e Control.* Corón: 2 bolsas

*Sanidade/Anatomía Patolóxica e Citoloxía.* Corón: 2 bolsas

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PE609B  
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 7 de xullo de 2016.

Máis información no DOG do 7 de xuño de 2016 e en [www.mar.xunta.gal](http://www.mar.xunta.gal)

**MAIO 2016**



cooperación**galega**

### **Bolsas para a formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento**

A Xunta de Galicia convoca seis bolsas para a formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.  
Os destinos das bolsas serán en Santiago de Compostela, na sede da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou no exterior, nas unidades de cooperación no exterior (UCE) da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Requisitos:

- Ter veciñanza administrativa en Galicia.
- Nacer o 1 de xaneiro de 1985 ou con posterioridade a esa data.
- Estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, diplomado/a, grao ou equivalente ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición, ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **25 de xuño de 2016**  
As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PR809A  
Máis información no DOG do 25 de maio de 2016 e en <http://www.cooperaciongalega.org>



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Lectorados de lingua, literatura e cultura galegas**

A Consellería de Educación convoca seis novas bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas:

Universidade de Berlín. Alemaña  
Universidade Nova de Lisboa. Portugal  
Universidade de Roma La Sapienza. Italia  
Universidade de Zádár. Croacia  
Universidade do Estado do Río de Xaneiro. Brasil  
Universidade de San Paulo.

O importe íntegro mensual das bolsas obxecto desta convocatoria é de 1.277,12 €.

Requisitos:

Non superar os 35 anos de idade na data de remate da presentación de solicitudes.

Titulación académica:

Licenciatura en Filoloxía Galega.

Licenciatura en Filoloxía Románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego.

Grao en Lingua e Literatura Galegas.

Grao en estudos de galego e español.

Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios.

Poderá solicitar as prazas localizadas en Alemaña, Italia e Croacia quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Licenciatura en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 27 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

Grao en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 30 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o **20 de xuño de 2016**.

A solicitude está dispoñible en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED110A

Máis información no DOG do 20 de maio de 2016 e en

<http://www.lingua.gal/portada>



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Máis Lectorados de lingua, literatura e cultura galegas**

A Consellería de Educación convoca bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nos centros de estudos galegos nas seguintes universidades:

Universidade Autónoma de Barcelona. España

Universidade de Gales, Bangor. Reino Unido

Universidade de Heidelberg. Alemaña

Universidade de Kiel Kiel. Alemaña

Universidade de Leipzig. Alemaña

Universidade de Varsovia. Polonia

O programa de formación, que terá un marcado carácter práctico, estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

Requisitos:

Non superar os 35 anos de idade na data de remate do prazo da presentación de solicitudes.

Poderá solicitar todas as prazas ofertadas quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Licenciatura en Filoloxía Galega.

Licenciatura en Filoloxía Románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego.

Grao en Lingua e Literatura Galegas.

Grao en Estudos de Galego e Español.

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.

Poderá solicitar as prazas localizadas no Reino Unido, Alemaña e Polonia quen estea en posesión dalguna das seguintes titulacións:

Licenciatura en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 27 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias de inglés.

Grao en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 30 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias de inglés.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de xuño de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED110B

Máis información no DOG do 12 de maio de 2016 e en

<http://www.xunta.es/linguagalega>

---

**ABRIL 2016**

---



### **Galeuropa 2016**

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, convoca o programa de mobilidade transnacional Galeuropa 2016

**OBXECTO DAS AXUDAS:** Realización de prácticas formativas non retribuídas en empresas/entidades públicas ou privadas de países europeos.

*Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, P. Baixos, Polonia, Portugal, \*Azores, \*Madeira, R. Checa, R. Unido, Romanía, Suecia, Turquía*

Obxectivos que se pretenden acadar:

- incrementar as posibilidades de inserción laboral para a mocidade
- complementar a competencia profesional e persoal
- adquirir competencias en idiomas estranxeiros e reducir os obstáculos lingüísticos
- fomentar a autonomía persoal.

**BS324A:**

Solicitud e documentación complementaria <https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=BS&codProc=324A&procedemento=BS324A&lang=es&procedemento=BS324A>

Tipos de axudas ([documento de texto axudas BS324A](#))

#### **BS324B:**

Solicitud e documentación complementaria <https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=BS&codProc=324B&procedemento=BS324B>

Tipos de axudas ([documento de texto axudas BS324B](#))

#### **BS324C:**

Solicitud e documentación complementaria <https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=BS&codProc=324C&procedemento=BS324C>

Tipos de axudas ([documento de texto axudas BS324C](#))

**DURACIÓN DAS PRÁCTICAS FORMATIVAS:** mínimo de 2 meses e máximo 4 meses consecutivos. Rematará en todo caso o 20 de novembro de 2016. Mínimo de 100 horas mensuais.

#### **QUEN PODE REALIZAR A MOBILIDADE TRANSNACIONAL?**

A mocidade non ocupada e non integrada nos sistemas de educación ou formación, inscrita no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que manteña todos os requisitos de inscrición no momento da selección, agás o de idade.

Requisitos de inscrición no ficheiro do SNGX:

- Ter máis de 16 anos e menos de 30 no momento de solicitar a inscrición do ficheiro
- Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións educativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación. No caso de ter finalizada a participación no sistema educativo serán corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores.
- Non ter recibido accións formativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

Para inscribirse no SNGX: <http://garantiajuvenil.xunta.es> De modo presencial nas *oficinas de emprego* (dirixirxe a orientadores/as YEI, de garantía xuvenil) e tamén nos *Espazos Xoves de Betanzos, Curtis, Noia, Carballo, Pontedeume, Villaba, Ourense* e Tui e no *Centro coordinador* de Santiago de Compostela.

Proceso selectivo das persoas participantes na mobilidade:

1º. Valoración das solicitudes daqueles mozos e mozas que non participasen noutras convocatorias do Programa de Galeuropa

2º. Só no caso de existir menos solicitudes que prazas, ou de existir crédito suficiente, poderán valorarse as solicitudes de persoas que participasen noutras convocatorias, sempre que respecto de convocatorias anteriores do Programa Galeuropa, sexa distinto o país de destino.

*Criterios de selección:*

- Antigüidade no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma, ata 1,20 puntos.
- A maior idade fronte a menor, ata 1,20 puntos
- Test escrito de motivación e participación no programa de mobilidade, ata 2,25 puntos.
- Casos de violencia de xénero: 1 punto.
- Persoas en risco de exclusión social: 1,35 puntos

*No caso de empates :*

- 1º A puntuación máis alta obtida nos criterios do apartado precedente na mesma orde na

que están establecidos.

- 2º Preferencia ao xénero que teña menor número de solicitudes.

- 3º Orde de entrada da

Solicitud.

3 LIÑAS DE AXUDAS			
	BS324A	BS324B	BS324C
<b>Beneficiarios/as:</b>	Mozos e mozas inscritos no SNGX no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, maiores de 18 anos e menores de 30	Entidades sen ánimo de lucro, con sede ou domicilio social en Galicia, que desenvolvan actividades no ámbito da xuventude	Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, agrupacións de concellos ou mancomunidades validamente constituídas, e entidades resultantes da fusión de municipios
<b>Orzamento:</b>	957.949,37€	772.689,60€	303.435,79€
<b>Tipos de axudas:</b> ( baseadas en custos simplificados – de baremos standar-establecidos na convocatoria)	Apoio lingüístico (150€)	Apoio á organización e execución da mobilidade:	
		a) Apoio a aspectos organizativos: inclúe apoio lingüístico a participantes (550€ por participante)	
		b) Apoio á execución do proxecto: - Apoio para gastos de viaxe e estancia no país de destino do persoal da entidade de envío. (gastos de viaxe, manutención e aloxamento diarios segundo o país de destino, o número e duración das mobilidades). Inclúe as viaxes de busca de socios. - Apoio para a entidade socia na acollida.(custos diarios segundo o país de destino, o número e a duración das mobilidades)	
	Viaxe (gastos viaxe de ida e volta da persoa participante segundo o país de destino da mobilidade)		
	Aloxamento e manutención (custos/mes/día para cada participante segundo o país de destino)		
<b>Presentación de solicitudes:</b>	- TELEMÁTICA preferentemente - Tamén en formato papel en calquera dos rexistros das AAPP	TELEMÁTICA unicamente a través da <a href="https://sede.xunta.es">https://sede.xunta.es</a>	
<b>PRAZO de presentación:</b>	1 mes dende o día seguinte á publicación no DOG		
<b>ANTICIPO:</b>	80% da axuda concedida		

Presentación telemática en: <https://sede.xunta.es/portada>, mediante DNI electrónico, certificado dixital ou o sistema Chave 365 <https://sede.xunta.es/chave365>

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Mozos/as (BS324A):

O baremo é o indicado no apartado de proceso selectivo das persoas participantes na mobilidade, e ademais 3 puntos adicionais se presentan o documento de aceptación da empresa de prácticas antes da selección.

- Entidades (BS324B, BS324C):

- Melloras en recursos humanos , ata 16 puntos.
- Melloras na preparación lingüística da mocidade participante, ata 14 puntos.
- Presentar acordos con entidades socia de acollida xunto coa solicitude, ata 18 puntos.

- Número de mobilidades que contén o proxecto, ata 6 puntos.
- Duración das prácticas, ata 9 puntos.
- Acordo bilateral de colaboración para acoller mobilidades doutras entidades europeas, ata 8 puntos.
- Proxectos que teñan como destinatarios/as un 45% de persoas con discapacidade 9 puntos.

Nos concellos: Ata 10 puntos adicionais en función do número de mozos/as que teña inscritos no SNGX

Nos proxectos conxuntos, ou de mancomunidades ou fusión de municipios: ata 30 puntos adicionais

### **PROXECTOS DE MOBILIDADE (BS324B, BS324C)**

- Máximo un proxecto por entidade solicitante
- Nº mobilidades por proxecto: mínimo 4 e máximo 20 (agás os proxectos conxuntos presentados por agrupacións, mancomunidades ou fusións de concellos que terán como máximo 25 mobilidades).
- Nº de países de destino por entidade: Máximo 3 (cun grupo mínimo de 4 participantes en cada país)
- Duración máxima do proxecto: 9 meses. Poderán realizarse as mobilidades en distintos fluxos
- Requisitos mínimos dos proxectos:
  - Recursos humanos: cada proxecto contará como mínimo cunha persoa responsable do proxecto e/ou unha persoa que exercerá de mentor. Establécese un mínimo de horas que deben adicar ao proxecto segundo o número de mobilidades.
  - Preparación lingüística das persoas participantes: mínimo 10 horas
  - Cada entidade beneficiaria contará cunha entidade socia de acollida en cada país de destino.
  - Non cabe a subcontratación. A entidade deberá realizar por si mesma a actividade subvencionada.

**XUSTIFICACIÓN DA AXUDA:** 1 mes dende que remate a mobilidade e máximo o 30 de novembro de 2016.

**FINANCIACIÓN:** Axudas cofinanciadas pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 91,89%.

**NORMA REGULADORA:** ORDE do 23 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016. (DOG núm. 67, do venres 8 de abril de 2016).

A realización da mobilidade xerará o dereito ás persoas participantes para a expedición do certificado de experiencias en educación non formal en materia de xuventude (Orde do 26 de febreiro de 2015,DOG núm. 57 do 25/03/2015).

### **PARA MÁIS INFORMACIÓN:**

981 544 645, 981544854, 981 541688

- mozos/as [galeuropain-garantiaxuvenil@xunta.es](mailto:galeuropain-garantiaxuvenil@xunta.es)

- entidades sen ánimo de lucro e concellos [galeuropapr-garantiaxuvenil@xunta.es](mailto:galeuropapr-garantiaxuvenil@xunta.es)

**DOG do 8 de abril de 2016**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**

## **Prazas nas residencias xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude**

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dispón de instalacións que durante o curso académico funcionan como residencias xuvenís. Como é habitual as ditas instalacións póñense a disposición dos mozos/as estudantes, reservando un 9% das prazas para a mocidade traballadora e resérvase tamén un 9% para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen.

As instalacións a disposición dos mozos e mozas residentes durante o curso académico ofrecen aloxamento e mantenza, nelas desenvólvese unha serie de actividades e convivencias educativas a través das que se intenta fomentar valores sociais, culturais e deportivos.

Convocatoria para o curso académico 2016/17: **220 prazas.**

### **Prazo de presentación de solicitudes:**

Estará aberto ata o **27 de maio de 2016.**

As solicitudes descárganse ou realízanse telematicamente dende a sede electrónica da xunta <https://sede.xunta.es> entrando no procedemento *BS303B* para estudantes e *BS303D* para traballadores/as.

### **Requisitos xerais:**

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro/a residente en España no momento da solicitude de praza.
- Non ter perdido a condición de residente por causa imputable a persoa solicitante.
- Ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30, na data do 31 de decembro de 2016.

A mocidade estudante, ademais:

- Cursar estudos de formación profesional ou ciclos formativos, de bacharelato, estudos universitarios tendentes á obtención do título de grao ou equivalente ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Que no concello onde radique a súa residencia habitual non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos cales o/a solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima esixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia habitual.

A mocidade traballadora tamén deberán cumprir os seguintes:

- Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual da persoa solicitante.
- No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida terá que ter unha duración mínima de 3 meses contados desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- No caso de ser unha persoa traballadora autónoma por conta propia, será necesario que estea dada de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da presente convocatoria.

### **Prezo:**

- a) Habitación dobre: 324 € por residente e mes.
- b) Habitación cuádrupla: 250 € por residente e mes.

### **Período de estadía:**



O período máximo de estadía das persoas beneficiarias será de 11 meses e estará comprendido entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de xullo de 2017. Exceptúanse os períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

As persoas beneficiarias que teñan a condición de estudantes, iniciarán e finalizarán a súa estadía na residencia coincidindo co curso académico no que estiveran matriculadas (respectando sempre o período máximo antes indicado) e en todo caso concluirán a súa estadía co remate dos estudos desenvolvidos.

En calquera caso as persoas beneficiarias deberán iniciar a súa estadía na residencia como prazo máximo o 31 de outubro.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS303B para estudantes e BS303D para traballadores/as.

Máis información no DOG do 27 de abril de 2016

Lugo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>

Ourense:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo:

<http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>



### **Bolsas de estadía na Casa de Velázquez en Madrid**

O Consello da Cultura Galega convoca dúas bolsas de estadía na Casa de Velázquez en Madrid, coa finalidade de contribuír ao estudo e investigación da proxección da cultura galega, notablemente no mundo francófono.

Unha bolsa de estadía para a investigación na Casa de Velázquez en Madrid:

Esta bolsa ten como finalidade facilitar a presenza dun/dunha creador/a na Casa de Velázquez en Madrid. Está destinada a creadores ou creadoras do ámbito das artes visuais (agás pintores e escultores) ou músicos.

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario de licenciado/a ou de grao e ter rematados os estudos conducentes a el no curso académico 2010/11 ou posterior.
- O creador ou creadora deberá presentar unha memoria explicativa que resuma as características xerais do proxecto que vai levar a cabo.

Os proxectos de artes visuais (debuxo, cine, fotografía, gravado, vídeo) ou composición musical deberán estar avalados por un responsable dun centro de creación, dun museo, dun conservatorio, etc. No proxecto de creación deberase xustificar tanto a necesidade da estadía en Madrid como a da proxección da cultura galega, especialmente no mundo francófono.

- Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, agás os que acrediten estar en posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galega.
- Non resultar beneficiario dunha bolsa para estadías convocada polo Consello da Cultura Galega en convocatorias anteriores.
- Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 7 puntos

Unha bolsa de estadia de creación na Casa de Velázquez en Madrid

Esta bolsa ten como finalidade facilitar a presenza dun/dunha creador/a na Casa de Velázquez en Madrid. Está destinada a creadores ou creadoras do ámbito das artes visuais (agás pintores e escultores) ou músicos.

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario de licenciado/a ou de grao e ter rematados os estudos conducentes a el no curso académico 2010/11 ou posterior.
- O creador ou creadora deberá presentar unha memoria explicativa que resuma as características xerais do proxecto que vai levar a cabo.
- Os proxectos de artes visuais (debuxo, cine, fotografía, gravado, vídeo) ou composición musical deberán estar avalados por un responsable dun centro de creación, dun museo, dun conservatorio, etc. No proxecto de creación deberase xustificar tanto a necesidade da estadia en Madrid como a da proxección da cultura galega, especialmente no mundo francófono.

Cada bolsa estará dotada con 1.000 € de estadia mensual por un período de 3 meses.

A Casa de Velázquez asumirá os gastos da hospedaxe. Proporcionará, ademais, tarifas preferenciais (boursier) para os gastos de manutención na cafetería da Casa de Velázquez. Igualmente, ofrecerá a posibilidade de empregar os espazos de traballo e documentación da Casa de Velázquez. Do mesmo xeito, poderán participar nas actividades de investigación e creación da Casa de Velázquez.

O prazo para presentar solicitudes estrará aberto ata o **20 de maio de 2016**.

As solicitudes poden descargarse de <https://sede.xunta.es> co procedemento PR970A

Os formularios das solicitudes tamén estarán dispoñibles nas páxinas web do Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal> )

Máis información no DOG do 20 de abril de 2016 e en <http://consellodacultura.gal>  
[www.casadevelazquez.org](http://www.casadevelazquez.org)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Bolsas de formación en biblioteconomía**

A Consellería de Cultura convoca 35 bolsas de formación en biblioteconomía mediante a formación apoiada por titores en diversos centros bibliotecarios.

Os bolseiros recibirán a súa formación nas seguintes bibliotecas públicas: Biblioteca de Galicia, Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, Biblioteca Pública de Lugo, Biblioteca Pública de Ourense, Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel e Biblioteca Pública Municipal de Ferrol (Central).

*Requisitos:*

Titulación universitaria de licenciatura ou diplomatura en Biblioteconomía ou Documentación; grao en Información e Documentación, licenciatura ou grao en Historia ou Xeografía e Historia, Filoloxía ou Lingua e Literatura, Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e Humanidades.

A bolsa terá unha duración máxima total de sete meses.  
O importe individualizado de cada bolsa será de 880 € brutos mensuais.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento CT233A  
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de maio de 2016**.  
Máis información no DOG do 13 de abril de 2016.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Bolsas de formación en materia de patrimonio moble galego**

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca o programa 2016 de bolsas de formación en materia de patrimonio moble en museos propios e xestionados pola Consellería de Cultura.

O total de bolsas convocadas son 8.

Requisitos:

Bolsas de documentación de fondos de patrimonio moble:  
Licenciatura universitaria ou equivalente, segundo o espazo europeo de educación superior, con formación académica nalgunha das materias que se relacionan a continuación:

- Historia.
- Historia da arte.
- Arqueoloxía.

Bolsas de restauración de fondos de museos e coleccións visitables de Galicia:  
Diplomatura universitaria en conservación e restauración de bens culturais ou equivalente, nas especialidades de:

- Arqueoloxía.
- Pintura ou escultura.

O importe de cada bolsa será de 5.750 €.  
As bolsas terán carácter anual, cunha duración de 6 meses.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de maio de 2016**.  
Máis información no DOG do 13 de abril de 2016 e en <https://sede.xunta.es> co procedemento CT110B



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Bolsas de formación en arquivos de Galicia**

A Consellería de Cultura convoca 20 bolsas de formación en arquivos de Galicia.

*Requisitos:*

1. Ter licenciatura universitaria ou equivalente, segundo o Espazo Europeo de Educación Superior, cunha configuración curricular (expediente académico) en que predomine a formación en Historia e/ou Arquivística.
2. Ter acreditado dominio da lingua galega a nivel de iniciación mediante título oficial.

As bolsas terán unha duración máxima de 6 meses.  
O importe bruto mensual de cada bolsa será de 895.05 €

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento CT110A  
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 5 de maio de 2016  
Máis información no DOG do 6 de abril de 2016



### **Bolsas de colaboración no Consello da Cultura Galega**

O Consello da Cultura Galega convoca catro bolsas de colaboración en proxectos de investigación

#### *Dúas bolsas para colaborar na Área de Publicacións*

Requisitos:

Ser licenciado/a en Comunicación, Humanidades ou Ciencias Sociais.

Valoraranse como méritos:

- Posuír experiencia en edición de textos e edición dixital.
- Posuír coñecementos de tradución e corrección.
- Posuír coñecementos de informática.

#### *Dúas bolsas para colaborar na Área de Documentación*

Requisitos:

- Ser licenciado/a en Documentación ou Humanidades.

Valoraranse como méritos:

- Posuír coñecementos de catalogación en formatos Marc.
- Posuír coñecementos de programas de catalogación.
- Posuír coñecementos de informática.
- Posuír experiencia en xestión documental.

Requisitos xerais:

Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4

Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 7 puntos.

A contía das bolsas será de 1000 euros mensuais.

A duración de cada unha das bolsas será de 6 meses e iniciaranse previsiblemente o 1 de xuño de 2016.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PR970B

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 4 de maio de 2016

Máis información no DOG do 4 de abril de 2016 e en

<http://www.consellodacultura.gal>

**MARZO 2016**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Actividades de formación en lingua inglesa en Galicia**

A Consellería de Educación convoca axudas para realizar as actividades de formación, dirixidas á mellora das competencias en lingua inglesa do alumnado de distintos niveis dos centros docentes sustentados con fondos públicos en Galicia, durante o ano 2016.

O período de realización destas actividades comprenderá desde a última semana do mes de xuño ata finais do mes de agosto de 2016.

*Requisitos:*

- a) Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de ESO ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2015/16, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2014/15.
- c) Ter acadado no curso 2014/15 na área ou materia de lingua inglesa, unha cualificación mínima de ben no 6º curso de educación primaria para o alumnado de 1º de ESO e de 6 para o de 2º, 3º e 4º cursos de ESO e de bacharelato.
- d) Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

As solicitudes poden descargarse de <https://sede.xunta.es/> co procedemento ED504B

O prazo para presentar solicitudes estrará aberto ata o 28 de abril de 2016.

Máis información no DOG do 28 de marzo de 2016 en [www.edu.xunta.es/axudasle](http://www.edu.xunta.es/axudasle)



### **Bolsa de formación en estudos relacionados co dereito administrativo na EGAP**

A EGAP convoca unha bolsa de formación en estudos relacionados co dereito administrativo.

*Requisitos dos solicitantes:*

Acreditar ter terminados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2012 e acreditar algunha das seguintes titulacións universitarias:  
licenciatura/grao en dereito.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PR770F

O prazo para presentar solicitudes estrará aberto ata o 1 de abril de 2016

O importe de cada bolsa será de 1.100 € brutos mensuais, 12.100 € anuais.

Máis información en <http://egap.xunta.es> e no DOG do 1 de marzo de 2016

---

## FEBREIRO 2016

---



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Axudas complementarias de Erasmus+ para ensinanzas artísticas superiores**

A Consellería de Educación convoca axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas aos/ás estudantes de ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que participan no citado programa de mobilidade na educación superior durante o curso 2015/16.

Requisitos:

- Estar matriculado no curso 2015/16 en calquera dos centros públicos que impartan ensinanzas artísticas superiores nesta comunidade autónoma.
- Ter obtido unha bolsa Erasmus+ de mobilidade no curso 2015/16.
- Que a duración mínima da estada, para os efectos de concesión da bolsa, sexa de tres meses e a máxima de nove meses.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **26 de marzo de 2016**.

As solicitudes están dispoñibles en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED322A.

Máis información no DOG do 26 de febreiro de 2016 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

---

## XANEIRO 2016

---



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Axudas para estudos universitarios por causa sobrevida**

A Consellería de Cultura e Educación convoca axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, no curso académico 2015-2016, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

Requisitos dos solicitantes:

- a) Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida ou imprevista (orfanidade absoluta, falecemento pai/nai/titor legal, desemprego do sustentador principal, enfermidade grave, violencia doméstica, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína

ou quebra familiar e outras circunstancias non recollidas que sendo xustificadas repercutan na situación socioeconómica familiar).

b) Que a situación sobrevida e imprevista acontecese durante o actual curso académico 2015/16. Entenderase por curso académico o comprendido entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de xuño de 2016.

c) Estar matriculado, no curso académico 2015/16, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, agás o alumnado ao que lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos que deberá de estar matriculado como mínimo de 30 créditos.

d) Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual para o ano 2016 é dicir 5.150,60 € (429,22 € mensuais, incluída nesta contía a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias).

e) Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

Prazos:

-Se a causa sobrevida ou imprevista aconteceu con anterioridade á publicación desta axuda, o prazo de presentación estará aberto ata o 22 de febreiro de 2016.

-Se a causa sobrevida ou imprevista acontece con posterioridade á publicación desta axuda, o prazo de presentación de solicitude será dun mes desde que aconteceu a causa sobrevida sendo, nestes casos, a data límite para a presentación das solicitudes o 31 de xullo de 2016.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento ED433A

Máis información no DOG do 29 de xaneiro de 2016 e en [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Axudas para estadias en Europa no verán para estudo de idioma**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca 150 axudas para estadias nalgún Estado membro da Unión Europea durante o verán de 2016, do alumnado universitario matriculado no curso 2015/16 nalgunha das tres universidades do Sistema universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED en Galicia coa finalidade de coñecer a lingua dese país.

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, única e exclusivamente, entre o 15 de xuño e o 30 de agosto de 2016, ambos inclusive.

A dotación económica asignada a cada beneficiario/a será dun máximo de 900 €.

Requisitos:

Estar matriculado no curso 2015/16, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao

título de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, e ter superado 60 créditos con anterioridade á data desta convocatória.

O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de marzo de 2016**. As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED416A

Máis información no DOG do 28 de xaneiro de 2016 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### **Axudas para a matrícula universitaria en Galicia**

A Consellería de Educación convoca axudas destinadas a financiar os gastos derivados da matrícula no curso académico 2015/16 dos alumnos e alumnas de segundo e posteriores cursos matriculados en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica nunha universidade do Sistema universitario de Galicia.

Requisitos:

1. Non estar en posesión dunha titulación universitaria do mesmo nivel ou superior ao correspondente aos estudos para os cales solicita a axuda.
2. Estar matriculado en segundo e posteriores cursos nunha universidade do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2015/16 dun mínimo de 60 créditos en ensinanzas conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica, agás o alumnado a que lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos, que deberá de estar matriculado de 45 créditos como mínimo.
3. Ter sido beneficiario/a da bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no curso 2013/14 ou no curso 2014/15 e non tela obtido no curso 2015/16.
4. Ter superado no curso 2014/15 a seguinte porcentaxe dos créditos matriculados, excluindo os validados, recoñecidos ou adaptados:
  - En estudos pertencentes á rama de coñecemento de Ensinanzas Técnicas (enxeñaría ou arquitectura), igual ou superior ao 60 % e menos do 65 %.
  - En estudos pertencentes ás ramas de Artes e Humanidades ou de Ciencias Sociais e Xurídicas, igual ou superior ao 80 % e menos do 90 %.
5. Non estar incluídos nos casos de exención total de matrícula.
6. Que a renda da unidade familiar non supere os seguintes limiares:
  - Familias de 1 membro: 14.112 €
  - Familias de 2 membros: 24.089 €
  - Familias de 3 membros: 32.697 €
  - Familias de 4 membros: 38.831 €
  - Familias de 5 membros: 43.402 €
  - Familias de 6 membros: 46.853 €
  - Familias de 7 membros: 50.267 €
  - Familias de 8 membros: 53.665 €

Contía da axuda:



A dotación asignada a cada beneficiario/a será a do importe total da matrícula, incluídas as taxas, que será dun máximo de 862,9 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Enxeñaría e Arquitectura e dun máximo de 618,1 euros para as titulacións encadradas dentro da rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o **15 de febreiro de 2016**. As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED441D Máis información no DOG do 9 de xaneiro de 2016 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) e no correo [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)



### **Bolsa de formación na área de ciencia económica no sector público**

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), convoca unha bolsa de formación na área de ciencia económica no sector público.

#### *Requisitos:*

Acreditar ter terminados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2012 e acreditada a titulación de licenciatura ou grao en economía. O importe de cada bolsa será de 1.100 € brutos mensuais, 13.200 € anuais.

O *prazo* de presentación de solicitudes será ata o **11 de febreiro de 2016**. As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento PR770I Máis información no DOG do 11 de xaneiro de 2016 e en <http://egap.xunta.es/>

---

**DECEMBRO 2015**



### **Bolsas da Dirección Xeral de Comercio**

A Dirección Xeral de Comercio convoca 4 bolsas de formación práctica. As bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio teñen como obxectivo contribuir á formación titorial de profesionais no campo da actividade comercial e o seu ámbito. A Dirección Xeral de Comercio elaborará un programa formativo que integrará principalmente aspectos relativos á actividade comercial, o estudo e a análise da pequena e mediana empresa comercial e o sector da distribución e as estruturas comerciais. O programa formativo poderá estenderse a todas aquelas materias sobre as que o centro directivo ten competencia e, en concreto, a artesanía.

#### *Requisitos:*

Estar en posesión dalgún título universitario de segundo ciclo ou grao superior e ter rematado os estudos conducentes a el no ano 2007 ou posterior. Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

Cada bolsa estará dotada cun importe máximo de 10.800 € brutos, distribuídos en pagamentos mensuais, a razón de 900 € por mes.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de xaneiro de 2016**  
As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento IN225A  
Máis información no DOG do 30 de decembro de 2015 e na Consellería de Industria, teléfono 981 545 599  
<http://ceei.xunta.gal>

## XUÑO 2015



### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

#### **Axudas para libros de texto de 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de ESO**

A Consellería de Educación convoca axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, en 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria ou en educación especial, en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, no curso escolar 2015/16.

#### **Requisitos:**

Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado.

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros.

#### **Prazo de presentación de solicitudes:**

a) Para o alumnado de educación primaria e educación especial: **1 de xullo de 2015**

b) Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo ordinario: do **25 de xuño ao 27 de xullo de 2015**, ambos inclusive.

c) Para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que formalice a matrícula no prazo extraordinario: do **2 de setembro ao 2 de outubro de 2015**, ambos inclusive.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED330B  
Máis información no DOG do 1 de xuño de 2015 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

#### **Fondo solidario de libros de texto para alumnado de 3º e 5º de primaria e 2º e 4º ESO**

A Consellería de Educación crea un fondo solidario de libros de texto destinado ao alumnado matriculado en 3º e 5º de educación primaria e en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria en centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2015/16.

Todos os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán dispoñer dun fondo solidario de libros de texto, que estará integrado por:

1. Todos os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/15, que o alumnado beneficiario está obrigado a devolver.
2. Os libros de texto e o material didáctico vixente e útil voluntariamente cedido ao fondo.

Poderán presentar solicitude o/a proxenitor/a ou representante legal do alumnado matriculado ou que se vaia matricular no curso 2015/16 nos niveis educativos incluídos.

O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 30 de xuño de 2015. As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento ED330D. Máis información no DOG do 1 de xuño de 2015 e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



### **Bolsas no Centro Superior de Hostalaría de Galicia**

O Centro Superior de Hostalaría de Galicia convoca bolsas para a realización de estudos.

#### **Modalidade das bolsas:**

A. Bolsas de matrícula:

- a) 6 bolsas tipo I para o 1º curso de Diploma superior en Xestión Hoteleira.
- b) 12 bolsas tipo II para o 1º curso de Diploma superior en Xestión Hoteleira.
- c) 3 bolsas tipo II para o 1º curso de Certificado de Elaboración e Xestión en Cociña.

B. Bolsas de excelencia:

2 bolsas tipo I para o 1º curso Diploma superior en Xestión Hoteleira.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o 15 de xullo de 2015.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento TU200A. Máis información no DOG do 15 de xuño de 2015 e no Centro Superior de Hostalaría de Galicia, teléfonos 981 542 519 e 981 542 559 <http://turismo.xunta.es>



## **Bolsas de colaboración no Consello da Cultura Galega**

O Consello da Cultura Galega convoca 3 bolsas de colaboración en proxectos de investigación concretos que se están a desenvolver no Consello:

### **2 bolsas para colaborar na Área de Publicacións**

*Requisitos:*

Ser licenciado/a en Comunicación, Humanidades ou Ciencias Sociais.

*Valoraranse como méritos:*

Posuír experiencia en edición de textos e edición dixital.

Posuír coñecementos de tradución e corrección.

Posuír coñecementos de informática.

### **1 bolsa para colaborar na Área de Documentación**

*Requisitos:*

Ser licenciado/a en Documentación ou Humanidades.

*Valoraranse como méritos:*

Posuír coñecementos de catalogación en formatos Marc.

Posuír coñecementos de programas de catalogación.

Posuír coñecementos de informática.

Posuír experiencia en xestión documental.

*Requisitos xerais:*

Ter rematados os estudos conducentes á titulación no curso académico 2010/11 ou posterior.

Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

A duración de cada unha das bolsas será de 6 meses, iniciaranse previsiblemente o 1 de xuño de 2015 e rematarán o 30 de novembro de 2015

A contía das bolsas será de 950 € mensuais.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **29 de maio de 2015**.

Pódense tramitar a través da sede electrónica da Xunta: <https://sede.xunta.es> co procedemento **PR970B**

Máis información no DOG do 29 de abril de 2015 e en [www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org)

**MARZO 2015**

---



A Axencia Turismo de Galicia convoca 9 bolsas de formación práctica:

7 bolsas de formación práctica especializada para a promoción e información turística, mediante a realización de prácticas tuteladas nas oficinas de información turística dependentes da Axencia Turismo de Galicia distribuídas da seguinte forma:

- 2 bolsas na oficina de turismo de Santiago de Compostela
- 1 bolsa na oficina de turismo da Coruña
- 1 bolsa na oficina de turismo de Pontevedra
- 1 bolsa na oficina de turismo de Vigo
- 1 bolsa na oficina de turismo de Lugo
- 1 bolsa na oficina de turismo de Ourense.

O programa formativo desenvolverase ao longo do ano 2015 cunha duración máxima de 6 meses, contados desde a data da incorporación das persoas bolseiras.

2 bolsas de formación práctica especializada na Área de Estudos e Investigación para a realización de labores de investigación, tratamento e análise de datos en materia turística:

Bolsa A: especialidade estatística.

Bolsa B: especialidade turismo.

O lugar de realización das prácticas tuteladas na sede da área, nas oficinas da Axencia Turismo de Galicia da Barcia (Estrada Santiago-Noia, km 3, 15896 Santiago de Compostela). O programa formativo desenvolverase ao longo do ano 2015, cunha duración máxima de 9 meses contados desde a data da incorporación dos bolseiros

A dotación económica das bolsas será:

- a) Bolsas de formación nas oficinas de información turística: seiscientos euros (600 €) brutos mensuais.
- b) Bolsas de formación na Área de Estudos Turísticos: oitocentos euros (800 €) brutos mensuais.

Beneficiarios:

- 1. Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, así como estar domiciliada na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2. Posuír as seguintes titulacións universitarias:
  - a) Bolsas de formación nas oficinas de información turística: licenciados ou grao en turismo; diplomados en turismo; técnicos superiores en información e comercialización turística; técnicos superiores en axencias de viaxes.
  - b) Bolsas de formación na Área de Estudos Turísticos. Ofértanse dúas bolsas de formación con diferentes requisitos.
    - I. Bolsa A. Licenciados ou grao en matemáticas, economía, administración e dirección de empresas, enxeñaría ou estatística e diplomados en estatística.
    - II. Bolsa B. Diplomados ou licenciados en turismo, grao ou postgrao en turismo, economía, administración e dirección de empresas e na rama de ciencias sociais e humanidades.
- 3. Estas titulacións deben estar finalizadas nos 3 anos naturais inmediatamente anteriores ao remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria.
- 4. Os solicitantes deberán acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **4 de abril de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento TU981A

Máis información no DOG do 2 de marzo de 2015 E EN <http://turismo.xunta.es>